

## BASES DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA: 'CALENDARIO 12 MESES POLA IGUALDADE'.

A Mancomunidad Terra de Celanova, a través do CIM, convoca un concurso de fotografía sobre a temática da Igualdade de Xénero:

As presentes bases teñen como **obxecto** a regulación do concurso de fotografía organizado polo CIM, 'CALENDARIO 12 MESES POLA IGUALDADE', e que terá como finalidade promover a Igualdade de Xénero a través da creatividade artística.

As 12 obras premiadas, formarán parte do *calendario do ano 2022 do CIM da Mancomunidad Terra de Celanova*, que será editado en papel e que tamén se poderá descargar ou ver na páxina web da Mancomunidad ([www.terradecelanova.es](http://www.terradecelanova.es))

### 1. PARTICIPANTES

Poderán participar todas as persoas que o desexen sempre que sexan maiores de idade, ou de ser menores de idade, acheguen unha autorización asinada polos seus pais/nais ou titores/as.

Deben ser os autores das imaxes presentadas, residentes en algún dos concellos membros da Mancomunidad: Cartelle, Celanova, Gomesende, A Merca, Pontedeva, Quintela de Leirado, Ramirás e Vereia, e cumprir co establecido nas presentes Bases.

### 2. TEMÁTICA

As fotografías deben ser inéditas, e deben representar os valores de igualdade de xénero, é dicir entre homes e mulleres, desde calquera punto de vista e ámbito.

A finalidade do concurso é promover a visualización e sensibilizar sobre a IGUALDADE, en todas as súas manifestacións a través da fotografía.

### 3. NÚMERO

Establécese un máximo de 2 fotografías por autor participante.

#### **4. FORMATO**

A forma de participación será mediante fotografías dixitais.

De conter imaxes de persoas, especialmente se son menores o autor responsabilizarase de obter os permisos para impresión, reprodución e difusión en redes sociais previamente ao seu envío, para participar no concurso.

Só se admitiran fotografías en sentido horizontal. Aquelas instantáneas que se presenten en sentido vertical excluíranse do concurso.

#### **5. PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS**

As fotografías enviaranse por correo electrónico ao enderezo [cim@terradecelanova.es](mailto:cim@terradecelanova.es)

No correo deber figurar como asunto: ‘CALENDARIO 12 MESES POLA IGUALDADE’, e conterá:

- Fotografía en formato dixital.
- Os datos da persoa concursante: nome e apelidos, DNI, enderezo postal, correo electrónico e número de teléfono.
- No caso de menores, autorización dos pais/nais ou titores/as.

*As fotografías recibidas sen identificación ou con identificación incompleta quedarán automaticamente excluídos do concurso.*

#### **6. PRAZO**

O prazo para a recepción dos traballos comenará o 1 de xuño e concluírá as 14:00h do 25 de xuño de 2021.

#### **7. SELECCIÓN DAS OBRAS**

O xurado estará formado polo persoal do Centro de Información a Muller (CIM) da Mancomunidad Terra de Celanova. O xurado será o encargado de decidir cantas das fotografías serán as imaxes do calendario do ano 2022 denominado ‘CALENDARIO 12 MESES POLA IGUALDADE’.

O xurado poderá declarar deserto o concurso.

#### **8. OBXECTIVO E PUBLICACIÓN DAS FOTOGRAFÍAS**

O obxectivo é elixir a/as imaxe/s para o calendario 2022 do CIM da Mancomunidad Terra de

Celanova 'CALENDARIO 12 MESES POLA IGUALDADE'.

Ademais todas as fotografías que se presenten ao concurso poderán ser empregadas pola Mancomunidad Terra de Celanova para publicacións ou reproducións por calquera medio.

## **9. DEREITOS SOBRE AS FOTOGRAFÍAS**

A participación no concurso conleva a cesión en exclusiva dos dereitos de explotación necesarios por aplicación da Lei de Propiedade Intelectual, a favor da organización, por parte das persoas concursantes.

Para presentar unha imaxe que conteña a imaxe dunha persoa, a persoa fotografada debera haber outorgado seu consentimento expreso e inequívoco para tal finalidade ao fotógrafo.

A participación neste concurso implica a total aceptación destas bases. As persoas participantes serán plenamente responsables de que non existan dereitos de terceiros das obras presentadas, así como de toda reclamación sobre posibles dereitos de imaxe.

## **10. PROTECCIÓN DE DATOS**

A Mancomunidad Terra de Celanova é a responsable do tratamento dos datos persoais do interesado e informao de que estos datos serán tratados de conformidade co disposto no Regramento (UE) 2016/679 de 27 de abril (RGPD), na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro (LOPDGG) e na Lei 1/1982 de protección civil, dereito ao honor, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe.

A Mancomunidad, como responsable do tratamento, tratará os datos de carácter persoal que os participantes, nenos, rapaces ou pais, faciliten para a súa participación no concurso, coa finalidade de xestionar a súa participación no mesmo, a publicidade das obras presentadas, e a xustificación da actividade para a súa financiación. A base de lexitimación do tratamento é o consentimento do interesado ou o seu representante legal, e o cumprimento de obrigacións legais; cando os participantes sexan menores de 14 anos, o consentimento para o tratamento de datos terá que ser prestado polo seus representantes legais. Os datos dos participantes poderán ser comunicados a través de Internet ou medios de comunicación social para informar sobre a actividade ou por medio da reprodución das obras presentadas a concurso, así mesmo, os datos tratados poden ser comunicados a outras administracións con competencia na financiación e fiscalización da actividade, como a Xunta de Galicia e a Consellería de Emprego

e Igualdade. Os datos serán conservados durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recollen e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e patrimonio documental español.

Cando o tratamento estea baseado no consentimento do interesado, ten dereito a retiralo en calquera momento, sen que isto afecte á licitude do tratamento previo a súa retirada

O interesado pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ó seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisión baseada unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, ante a Mancomunidad de Terra de Celanova ou ante o Delegado de Protección de Datos da Mancomunidad, na dirección de correo electrónico [dpo@legalforma.com](mailto:dpo@legalforma.com), así como, no seu caso, reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos.